



ERNEST SHACKLETON

KILKEA, IRLANDA, 1874 -
ILLA SAN PEDRO (OU XEORXIA DO SUR), REINO UNIDO, 1922

Sir Ernest Shackleton foi un neno inquedo e devorador de libros –ao igual que moitos outros exploradores polares, os de Verne estaban entre os seus preferidos–, que abandonou os estudos para enrolarse como grumete aos dezaseis anos. Comezou así unha relación co mar que o levou a viaxar en varias ocasións á Antártida: entre 1901 e 1904, como terceiro oficial da expedición *Discovery* de Scott; en 1907, a bordo do *Nimrod*, onde se converteu no home que máis se achegara ao Polo Sur ata entón. Non obstante, pasou aos anais da exploración pola Expedición Imperial Transantártica (1914-1917), que pretendía cruzar por primeira vez, de punta a punta, a Antártida, atravesando o Polo Sur. A expedición fracasou dende o principio, cando o barco, o *Endurance*, quedou atrapado e destruído na banquisa. Contra todo prognóstico, Shackleton conseguiu, grazas aos seus dotes de liderado, que todos os homes volvesen sans e salvos a Inglaterra tras dous anos de terrible sufrimento. Coma se fose a encarnación do capitán Hatteras, Shackleton seguiu obsesionado por alcanzar o Sur: intentouno por derradeira vez en 1921, pero morreu ao chegar a Illa San Pedro. Alí permanecen os seus restos.

KILKEA, IRLANDA, 1874 -
ISLA SAN PEDRO (O GEORGIA DEL SUR), REINO UNIDO, 1922

Sir Ernest Shackleton fue un niño inquieto y devorador de libros –al igual que muchos otros exploradores polares, los de Verne estaban entre sus preferidos–, que abandonó los estudios para enrolarse como grumete a los dieciséis años. Comenzó así una relación con la mar que le llevó a viajar en varias ocasiones a la Antártida: entre 1901 y 1904, como tercer oficial de la expedición *Discovery* de Scott; en 1907, a bordo del *Nimrod*, donde se convirtió en el hombre que más se había acercado al Polo Sur hasta entonces. Sin embargo, ha pasado a los anales de la exploración por la Expedición Imperial Transantártica (1914-1917), que pretendía cruzar por primera vez, de punta a punta, la Antártida, atravesando el Polo Sur. La expedición fracasó desde el principio, cuando el barco, el *Endurance*, quedó atrapado y destruido en la banquisa. Contra todo pronóstico, Shackleton consiguió, gracias a sus dotes de liderazgo, que todos los hombres volvieran sanos y salvos a Inglaterra tras dos años de terrible sufrimiento. Cual encarnación del capitán Hatteras, Shackleton siguió obsesionado por alcanzar el Sur: lo intentó por última vez en 1921, pero murió al llegar a Isla San Pedro. Allí permanecen sus restos.



HERNÁN PUJATO

DIAMANTE, ARGENTINA, 1904 - BOS AIRES, ARGENTINA, 2003

Esquiador militar cunha vasta experiencia de montaña, o xeneral arxentino Hernán Pujato desenvolveu unha obsesión que o acompañou sempre pola conquista e colonización da Antártida. En 1948, expúsolle ao presidente Juan Domingo Perón un detallado plan que incluía a creación dun Instituto Antártico Argentino dedicado á investigación científica, a instalación de bases operativas ao sur do Círculo Polar Antártico, a adquisición dun buque quebraxeos para penetrar os mares polares, o intento de alcanzar o Polo Sur por vía terrestre, e a construción dun poboado que vise nacer aos primeiros nenos antártico-arxentinos. En 1951, e tras adquirir en Alasca e Groenlandia os coñecementos necesarios para a supervivencia en latitudes extremas, Pujato liderou a bautizada como Primeira Expedición Científica á Antártida Continental. Tras unha perigosa travesía, os expedicionarios arribaron a Baía Margarida e estableceron a Base San Martín, por entón a estación máis austral do mundo. O Polo Sur exerceu sobre Hernán Pujato un magnetismo que nos remite a *A esfínxe dos xeos*, a novela polar coa que Verne quixo homenaxear a Edgar Allan Poe.

DIAMANTE, ARGENTINA, 1904 - BUENOS AIRES, ARGENTINA, 2003

Esquiador militar con una vasta experiencia de montaña, el general argentino Hernán Pujato desarrolló una obsesión que le acompañó siempre por la conquista y colonización de la Antártida. En 1948, expuso al presidente Juan Domingo Perón un detallado plan que incluía la creación de un Instituto Antártico Argentino dedicado a la investigación científica, la instalación de bases operativas al sur del Círculo Polar Antártico, la adquisición de un buque rompehielos para penetrar los mares polares, el intento de alcanzar el Polo Sur por vía terrestre y la construcción de un poblado que viera nacer a los primeros niños antártico-argentinos. En 1951, y tras adquirir en Alaska y Groenlandia los conocimientos necesarios para la supervivencia en latitudes extremas, Pujato lideró la bautizada como Primera Expedición Científica a la Antártida Continental. Tras una peligrosa travesía, los expedicionarios arribaron a Bahía Margarita y emplazaron la Base San Martín, por entonces la estación más austral del mundo. El Polo Sur ejerció sobre Hernán Pujato un magnetismo que nos remite a *La esfinge de los hielos*, la novela polar con la que Verne quiso homenajear a Edgar Allan Poe.



ROBERT PEARY

CRESSON, EUA, 1856 - WASHINGTON D. C., EUA, 1920

No seu momento, o almirante Robert Peary foi saudado como o primeiro home en pisar o Polo Norte. Hoxe sábese que en realidade non o conseguiu, pero que, en todo caso, non foi un intento de engano deliberado –como así aconteceu co seu coetáneo Frederick Cook– e que, de feito, se aproximou máis que ningún outro home antes. Esta non foi a única polémica que o acompañou: na década de 1960 confirmáronse os rumores de que tanto el como o seu acompañante afroamericano, Matthew Henson, tiveran fillos con mulleres inuit en Groenlandia cuxa existencia fora silenciada. A esposa de Peary era tamén exploradora e acompañouno en varias das súas viaxes. Á marxe destes feitos, Peary pasou á historia polos seus descubrimentos nas terras entón descoñecidas do Norte, por estudar en profundidade os métodos de desprazamento dos inuit e por crear o sistema de aprovisionamento e organización que lles permitiría ás expedicións posteriores conquistar o que quedaba do Polo Norte e o Polo Sur. Excesivo e magnético, a súa controvertida personalidade define á perfección a particular idiosincrasia dos exploradores polares.

CRESSON, EE. UU., 1856 - WASHINGTON D. C., EE. UU., 1920

En su momento, el almirante Robert Peary fue saludado como el primer hombre en pisar el Polo Norte. Hoy se sabe que en realidad no lo consiguió, pero que, en todo caso, no fue un intento de engaño deliberado –como así ocurrió con su coetáneo Frederick Cook– y que, de hecho, se aproximó más que ningún otro hombre antes. Esta no fue la única polémica que le acompañó: en la década de 1960 se confirmaron los rumores de que tanto él como su acompañante afroamericano, Matthew Henson, tuvieron hijos con mujeres inuit en Groenlandia cuya existencia había sido silenciada. La esposa de Peary era también exploradora y le acompañó en varios de sus viajes. Al margen de estos hechos, Peary ha pasado a la historia por sus descubrimientos en las tierras entonces desconocidas del norte, por estudiar en profundidad los métodos de desplazamiento de los inuit y por crear el sistema de aprovisionamiento y organización que permitiría a las expediciones posteriores conquistar lo que quedaba del Polo Norte y el Polo Sur. Excesivo y magnético, su controvertida personalidad define a la perfección la particular idiosincrasia de los exploradores polares.



ARNOLD SPENCER-SMITH

STREATHAM, REINO UNIDO, 1883 - BARREIRA DE XEO DE ROSS, ANTÁRTIDA, 1916

O clérigo e fotógrafo afeccionado Arnold Spencer-Smith decidiu unirse á Expedición Imperial Transantártica, comandada en 1914 por Sir Ernest Shackleton. Malia a súa falta de experiencia, pasou a formar parte do coñecido como «Equipo do mar de Ross», unha expedición de apoio cuxa misión consistía en establecer depósitos de subministracións pola ruta do glaciar Beardmore para garantir a supervivencia do equipo principal ao final da súa travesía. O grupo de apoio chegou á illa de Ross o 16 de xaneiro de 1915 e estableceu a súa base no cabo Evans, o mesmo lugar en que o fixo o capitán Scott uns anos antes. A expedición padeceu terribles desgracias, incluída a perda do seu barco e a morte de Spencer-Smith e doutros dous integrantes, pero logrou cumprir a súa misión. O esforzo foi tan épico como baldío, xa que Shackleton nunca chegaría a atravesar o continente. En decembro de 2013, a fundación neozelandesa Antarctic Heritage Trust atopou na base do cabo Evans unha caixa con varios negativos de nitrato con fotografías nunca vistas, probablemente tomadas por Spencer-Smith cen anos atrás. Protagonizan as imaxes o mar, o xeo eterno e a desolación, un recordo dos chamados «homes esquecidos de Shackleton».

STREATHAM, REINO UNIDO, 1883 - BARRERA DE HIELO DE ROSS, ANTÁRTIDA, 1916

El clérigo y fotógrafo aficionado Arnold Spencer-Smith decidió unirse a la Expedición Imperial Transantártica, comandada en 1914 por Sir Ernest Shackleton. Pese a su falta de experiencia, pasó a formar parte del conocido como «Equipo del mar de Ross», una expedición de apoyo cuya misión consistía en establecer depósitos de suministros por la ruta del glaciar Beardmore para garantizar la supervivencia del equipo principal al final de su travesía. El grupo de apoyo llegó a la isla de Ross el 16 de enero de 1915 y estableció su base en el cabo Evans, el mismo lugar en que lo hizo el capitán Scott unos años antes. La expedición padeció terribles desgracias, incluida la pérdida de su barco y la muerte de Spencer-Smith y de otros dos integrantes, pero logró cumplir su misión. El esfuerzo fue tan épico como baldío, ya que Shackleton nunca llegaría a atravesar el continente. En diciembre de 2013, la fundación neozelandesa Antarctic Heritage Trust encontró en la base del cabo Evans una caja con varios negativos de nitrato con fotografías nunca vistas, probablemente tomadas por Spencer-Smith cien años atrás. Protagonizan las imágenes el mar, el hielo eterno y la desolación, un recuerdo de los llamados «hombres olvidados de Shackleton».



SALOMON AUGUST ANDRÉE

GRÄNNA, SUECIA, 1854 - ILLA DE KVITØYA, NORUEGA ÁRTICA, 1897

O funcionario de patentes S. A. Andrée sentía fascinación polos globos e consideraba, como moitos aventureiros do seu tempo, que podía demostrar a súa valentía sumándose á epopea das expedicións polares. O seu plan consistía en viaxar ata Rusia ou Canadá nun aerostato que partiría do arquipélago de Svalbard e que cruzaría o océano Ártico sobrevoando o Polo Norte. Suecia quedara atrás na carreira polar, así que o desatinado proxecto foi recibido con entusiasmo. Malia que o sistema de control con cables de arrastre que inventara non daba resultados e que todos os sinais advertían da perigosidade da empresa, Andrée e os seus dous coexpedicionarios despegaron o 11 de xullo de 1897. Levaban consigo zorras de madeira, víveres, pombas mensaxeiras e un esmoquin que Andrée esperaba vestir ao final da viaxe. O globo estrelouse ao pouco no casquete polar e os exploradores tiveron que emprender unha letal camiñada de tres meses cara ao sur. Trinta e tres anos despois, uns pescadores de focas atoparon os seus corpos e as súas pertenzas; entre elas, unha cámara e películas das que se rescataron imaxes cargadas de beleza e desvarío.

GRÄNNA, SUECIA, 1854 - ISLA DE KVITØYA, NORUEGA ÁRTICA, 1897

El funcionario de patentes S. A. Andrée sentía fascinación por los globos y consideraba, como muchos aventureros de su tiempo, que podía demostrar su valor y hombría sumándose a la epopeya de las expediciones polares. Su plan consistía en viajar hasta Rusia o Canadá en un aerostato que partiría del archipiélago de Svalbard y que cruzaría el océano Ártico sobrevolando el Polo Norte. Suecia se había quedado atrás en la carrera polar, así que el descabellado proyecto fue recibido con entusiasmo. Pese a que el sistema de control con cables de arrastre que había inventado no daba resultados y que todas las señales advertían de la peligrosidad de la empresa, Andrée y sus dos coexpedicionarios despegaron el 11 de julio de 1897. Llevaban consigo trineos de madera, víveres, palomas mensajeras y un esmoquin que Andrée esperaba vestir al final del viaje. El globo se estrelló al poco en el casquete polar y los exploradores tuvieron que emprender una letal caminata de tres meses hacia el sur. Treinta y tres años después, unos pescadores de focas encontraron sus cuerpos y sus pertenencias; entre ellas, una cámara y películas de las que se rescataron imágenes cargadas de belleza y sinrazón.